

Normas de publicación

Os traballos serán enviados en formato MS Word (.doc) ou OpenOffice xa listo para a súa publicación directa.

Os autores deberán seguir estas normas de publicación e as instrucións dos editores.

Extensión máxima 5 páxinas.

Ao comezo do traballo debese incluír, e por este orde: título, autores, afiliación e enderezo electrónico. Resumo e palabras chave.

Configuración de páxina

Papel: ancho 15,5 cm y alto 23,5 cm.

Marxes: superior 3 cm, inferior 2,5 cm, esquerdo 2 cm e dereito 2 cm.

Deseño: Encabezamento: 1,5 cm; pé de páxina: 1,25 cm; páxinas pares e impares diferentes.

Formato texto

Encabezamento das páxinas: Times New Roman 8 cursiva. Primeira páxina sen encabezamento. Páxinas pares á esquerda, breve título. Páxinas impares á dereita nome dos autores.

Paxinado: Times New Roman 9 normal. Inferior. Páxinas pares a esquerda e páxinas impares a dereita.

Título: Times New Roman 16, negriña centrada, espazado anterior 54 e posterior 18.

Nome e apelidos dos autores: Times New Roman 11, negriña centrada, espazado anterior 12 e posterior 0.

Dirección autores: Times New Roman 9, normal, centrada, espazado anterior 6 e posterior 0.

Títulos dos epígrafes: Minúsculas. Times New Roman 10, negriña, xustificado. Sangrado especial primeira liña 0,50 cm. Espazado anterior 12 e posterior 0. *Subepígrafe 1:* Idem cursiva. *Subepígrafe 2:* Idem normal.

Resto do texto: Times New Roman 10 normal, xustificada. Sangrado especial primeira liña 0,50 cm. Espazo entre parágrafos 6. Non utilizar negriña e substituír o subliñado pola cursiva.

Interliñado: sinxelo en todo o documento

Figuras e táboas

Pés: Times New Roman 9 normal, centrada. Interliñado sinxelo. Espazo anterior 6 e posterior 12. Non utilizar abreviaturas (Exemplo Fig. 1 ou Tab. 1) senón palabra completa (Exemplo Figura 1 ou Táboa 1).

As *figuras e táboas* non deben ocupar máis dunha páxina.

As *figuras* tipo imaxe deben ser en formato JPG, BMP ou GIF con unha resolución mínima aceptable que permita ver claramente o seu contido.

Referencias bibliográficas

Ao final do artigo incluírase a lista de Referencias bibliográficas, por orde alfabética, que deberá axustarse ao formato *Resto do texto*.

Libros

Apelido, Inicial do nome. (Ano de publicación). Título en letra cursiva. Cidade: Editorial.

Cheek, D. (1992). *Thinking constructively about Science, Technology, and Society education*. New York: State University of New York Press.

Capítulos de libros

Apelido, Inicial do nome. (Ano de publicación). Título do capítulo. En Inicial do nome, Apelido do editor (Ed.), Título do libro en letra cursiva (páxinas que comprende o capítulo). Cidade: Editorial.

Solomon, J. (1989). The social construction of school science. En R. Millar (Ed.), *Doing science: Images of science in science education* (pp. 126-136). New York: Falmer Press.

Artigos de revistas

Apelido, Inicial do nome. (Ano de publicación). Título del artigo. Nome da revista en letra cursiva, número, páxinas.

Rubba, P. A. (1989). An investigation of the semantic meaning assigned to concepts affiliated with STS education and of STS instructional practices among a sample of exemplary science teachers. *Journal of Research in Science Teaching*, 26, 687-702.